

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

1919 *Orde ECC/243/2014, do 20 de febreiro, pola que se adoptan exencións de aplicación ata o 1 de febreiro de 2016 sobre determinados requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os cargos domiciliados en euros.*

O Real decreto lei 6/2013, do 22 de marzo, de protección aos titulares de determinados produtos de aforro e investimento e outras medidas de carácter financeiro, habilita, na súa disposición adicional primeira, o ministro de Economía e Competitividade para realizar as autorizacións e exencións nos supostos e termos previstos nos números 1, 3 e 5 do artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os cargos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) n.º 924/2009. Este regulamento encádrase, pola súa vez, na normativa europea dos servizos de pagamento, e impulsa, en concreto, o proxecto SEPA (Single Euro Payments Area), ou Zona Única de Pagamentos en Euros, que pretende a creación dun mercado interior de servizos de pagamento en euros en que os pagamentos transfronteirizos no ámbito da Unión Europea gocen do mesmo réxime que os pagamentos nacionais, o que se considera que redundará en aforros e vantaxes para a economía europea no seu conxunto. O Regulamento sinala o 1 de febreiro de 2014 como data límite para a migración das transferencias e os cargos domiciliados á SEPA, e introduce un conxunto de normas comúns e de requisitos técnicos de aplicación obrigatoria aos pagamentos realizados a partir da citada data. Así mesmo, atribúe aos Estados membros a posibilidade de adoptar todas ou algunhas das exencións previstas nos números 1, 3, 4, 5 e 6 do artigo 16, co obxectivo de permitir un diferimento na aplicación das ditas normas con respecto a determinados requisitos técnicos ou produtos.

No caso de España, a adopción das opcións comunitarias facilitará a adaptación aos requirimentos técnicos exixidos para lograr a migración efectiva á SEPA no prazo establecido, así como o tratamento máis adecuado e prudente daqueles produtos de maior interese e complexidade operativa.

Modifícase, así mesmo, o primeiro parágrafo da disposición adicional única da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.

A modificación ten como obxecto estender aos anos 2014 e 2015 a posibilidade de utilización polas entidades aseguradoras, nas técnicas de inmunización financeira, de activos distintos dos instrumentos de débeda pública que contén coa cualificación crediticia correspondente aos grupos 4 ou 5, ben que con determinados requisitos e soamente para os exercicios 2012 e 2013.

Esta posibilidade foi introducida pola Orde ECC/2150/2012, do 28 de setembro, que engadiu a disposición adicional única á Orde EHA/339/2007, para responder ás recomendacións efectuadas aos reguladores nacionais por diversos organismos internacionais liderados polo G-20, e que a maioría dos países da nosa contorna viñeron adoptando, co fin reducir o condicionamento aos ciclos económicos e incentivar unha xestión independente e activa dos riscos no sector asegurador.

Dado que a situación dos mercados de débeda que deu lugar á introdución da citada disposición adicional única se mantén hoxe en día, considérase necesaria a ampliación do prazo da citada disposición adicional única até o exercicio 2015.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto facer uso das autorizacións e exencións previstas nos números 1, 3 e 5 do artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os cargos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) n.º 924/2009.

Artigo 2. *Servizos de conversión do BBAN en IBAN.*

1. Até o 1 de febreiro de 2016, os provedores de servizos de pagamento poderán ofrecer aos seus clientes, cando sexan consumidores e exclusivamente para operacións nacionais, servizos de conversión gratuítos do BBAN en IBAN, e deberán facilitar ao consumidor o IBAN antes de que inicie a operación. De acordo co artigo 2.1.24) do Regulamento (UE) n.º 260/2012, considérase consumidor a persoa física que actúa con fins distintos da súa actividade comercial, empresarial ou profesional nos contratos de servizos de pagamento.

2. Os provedores de servizos de pagamento deberán garantir a interoperabilidade mediante a conversión por medios técnicos e seguros do número BBAN do ordenante e do beneficiario no IBAN.

3. Os provedores de servizos de pagamento non cobrarán aos usuarios consumidores de servizos de pagamento ningunha comisión ou taxa, directa ou indirectamente relacionadas cos servizos de conversión a que se refire o número 1.

4. Os provedores de servizos de pagamento, oferentes dos servizos de conversión do BBAN en IBAN, deberán informar os usuarios das características do novo servizo, así como das consecuencias que coa dita conversión se producen. Esta información deberá ser clara, obxectiva, non enganosa e comprensible para o consumidor, de conformidade co establecido na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, e na Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

5. Para efectos do disposto neste artigo, o código conta cliente (CCC) equivalerá ao BBAN.

Artigo 3. *Exención temporal para determinados produtos.*

Até o 1 de febreiro de 2016, o cumprimento dos requisitos previstos nos números 1 e 2 do artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 260/2012, do 14 de marzo, non será exixible ás operacións realizadas cos seguintes produtos:

a) Os anticipos de crédito a que se refire a serie de normas e procedementos bancarios ditadas pola Asociación Española de Banca (caderno 58: «Créditos comunicados mediante ficheiro informático para o seu anticipo e xestión de cobramento»).

b) Os recibos incluídos na serie de normas e procedementos bancarios número 32 (caderno 32: «Remesas de efectos en ficheiro informático de clientes a entidades financeiras»). Quedan expresamente fóra do ámbito de aplicación da exención as letras de cambio e notas promisorias tamén incluídas no citado caderno 32.

Artigo 4. *Formatos de mensaxe.*

1. Até o 1 de febreiro de 2016 os usuarios de servizos de pagamento que inicien ou reciban transferencias ou cargos domiciliados individuais agrupados para a súa transmisión poderán non utilizar a norma ISO 20022 XML nas súas comunicacións cos provedores de servizos de pagamento.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, os provedores de servizos de pagamento utilizarán, logo de petición específica do seu cliente, a norma para os formatos de mensaxe ISO 20022 XML nas súas relacións con ese usuario.

Disposición transitoria única. *Carácter retroactivo.*

O previsto na disposición derradeira primeira aplicarase con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2014.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.*

Modifícase o primeiro parágrafo da disposición adicional única da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactado como segue:

«Para efectos do disposto no artigo 2.2 da presente orde, durante os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 resultará admisible, para novos contratos ou para a renovación de activos que chegasen ao seu vencemento, a utilización de activos distintos dos instrumentos de débeda pública que contén, no momento da adquisición, con cualificación crediticia correspondente aos grupos 4 ou 5, sempre que o dito grupo non resulte inferior en máis dun nivel ao grupo de cualificación crediticia dos instrumentos de débeda pública española.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de febreiro de 2014.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.